

A dama que ía no branco cabalo
levaba un pano de seda bordado.

*Na verde fror
as letras van de amor!*

O cabaleiro do cabalo negro
levaba unha fita colléndolle o pelo.

*Na verde fror
as letras van de amor!*

No medio do río cambiaron as vistas,
el para o pano i ela prá fita.

*Na verde fror
as letras van de amor!*

As vistas lles viron no río cambiar
e o pano e a fita por se namorar

*Na verde fror
As letras van de amor!
Con amor vivirás!*

Rondeau das señoras donas pintadas no ouso do Vilar, no século XIV, cheirando unha frol

LE VERSE

Ese vento de seda é o tempo que pasa.
Soñades a doce primavera de antano
nesa frol que refrexo o seu van no negro pozo dos vosos ollos?

Le temps s'en va!

-Esas volvoretas que abanan a raiola do sol
son as suas tocas cobixando as pálidas fronteiras.
Soñaredes aínda no ouso do Vilar os soñares do tempo pasado?

Le temps s'en va!

Ese enorme silencio cristaíño e dourado!
Si vos agora falares, miñas donas amigas,
a vosa voz enchería, como unha fonte de ágoa, o vaso do silencio?

Le temps s'en va!

Ei, donas do Vilar! Erguede os finos rostros e sorride,

que andan galáns de corte con soedades de vós!
Agás que prefirades vélos morrer de amor,
Le temps s'en va.
Le temps s'en va.
mes dames!

L'ENVOI

De todolos amores o voso amor escollo:
Miñas donas Giocondas, en vós ollo
todalas damas que foron no país,
unhas brancas camelias, outras froles de lis.

Le temps s'en va! Ou dádesme ese bico
que cheira a rosas de abril do Mil e Pico
ou finirei chorando na miña soedá,
namentras envellezo: Le temps, le temps s'en va!

8

Agora trobo o vento e máila lúa fría,
non o cervo do monte que a ágoa volvía.

Agora trobo o mare e máila nao veleira
non a amiga que canta só da abelaneira.

Agora trobo a lúa e máilo vento irado,
non o cervo do monte, meu amigo pasado.

Agora trobo a nao e máila mar maior,
e non aquela amiga, miña branca señor.